
López Viñas, Xoán, / Lourenzo Mória, Cilha / Moreda Leirado, Marisa: *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*, A Coruña, Baía Edicións, 2010, 547 pp.

As condicións sociopolíticas en que se desenvolveu a historia da lingua galega fixeron que a súa tradición gramatical sexa, certamente, serodia e escasa. Non foi até á segunda parte do século XIX que apareceron as primeiras gramáticas e entre elas só a de Saco Arce, de 1868, alcanzou unha entidade e rigor científicos acaídos para a época. Tanto foi así que mesmo houbo que agardar case cen anos, até que apareceu a gramática de Carvalho Calero na década de 60 do século XX, para a vermos superada. Porén, unha vez establecida a cooficialidade da lingua galega e a súa incorporación ao sistema educativo no último terzo dese mesmo século, os estudos gramaticais multiplicáronse, como resulta lóxico, tanto en forma de manuais e libros de texto escolares, como en formatos máis eruditos, completos e especializados, sen que con todo se poidan considerar numerosos ou excesivos.

Alén das de contido máis propiamente teórico, nos primordios do século XXI saíron do prelo dúas gramáticas que xa levan no título a referencia ao seu carácter práctico. Trátase da *Gramática práctica (Morfosintaxe)*, de Carme Hermida Gulías (2004), e da *Gramática da lingua galega. Síntese práctica*, de Xosé Feixó Cid (2004); a primeira céntrase nos aspectos morfosintácticos, en canto a segunda inclúe tamén a fonética, a ortografía, o léxico e a semántica, e mesmo nocións de sociolingüística e de dialectoloxía. Nesta mesma liña de dotar os utentes do galego de instrumentos prácticos que lles permitan mellorar o coñecemento das estruturas internas e o uso correcto do idioma, de acordo coas disposicións normativas, aparece no ano 2010 unha nova *Gramática práctica da lingua galega* (Premio “Xosefa Vilarelle” ao mellor libro educativo de 2010) da autoría de tres profesores novos mais con experiencia investigadora e docente na materia de que tratan. No entanto, o seu contributo de ningún modo se pode considerar unha reiteración daqueles traballos precedentes ou doutros similares, pois, como a súa propia extensión nos suxire, e tamén o subtítulo de *Comunicación e expresión*, ten uns obxectivos máis amplos e unha vocación de completude canto ao feito lingüístico como vehículo de comunicación humana que non adoita darse nos traballos precedentes.

A novidade desta obra vén dada, por tanto, por ese desexo de presentar a lingua cunha visión integradora, o cal explica a presenza nela de aspectos non habituais nas gramáticas, como é a relación entre lingua e sociedade, ou a incorporación da lingüística textual, até hai pouco ausente da nosa tradición gramatical e totalmente

imprescindíbel se quixermos tratar sobre a comunicación mediante a linguaxe, pois é o texto a unidade básica da comunicación humana, e non as palabras ou as cláusulas. Neste mesmo sentido, resulta igualmente destacábel, por inusual e ao mesmo tempo necesaria, a atención á oralidade e aos aspectos pragmáticos, xa que os textos escritos son só substitutivos dos orais con que os seres humanos fundamentalmente nos comunicamos. Non se trata, por conseguinte, de máis un manual práctico para o uso da lingua de acordo cos moldes tradicionais. Trátase dunha obra novidosa con vocación de contribuír para a modernización e actualización do discurso gramatical galego, adaptándoo aos novos tempos e ás necesidades dos utentes de hoxe. Alén disto, fornece igualmente a información gramatical –morfosintáctica– habitual neste tipo de obras e faino dun modo didáctico e práctico, con abundantes exemplos e cadros sinópticos clarificadores que permiten un manexo áxil da información que contén e unha consulta eficaz de ítems concretos, sen deixar de lado aspectos tan prácticos como o uso correcto dos grafemas, de maiúsculas e minúsculas, as regras de acentuación e puntuación, recursos tipográficos etc. E mesmo presta atención á incidencia das novas tecnoloxías na comunicación, co aparecemento, por exemplo, de novos xéneros textuais de natureza electrónica, como o blogue ou o *chat*.

Canto á súa estrutura, a obra consta de oito grandes seccións ou capítulos, coas súas correspondentes subdivisións, que lle confiren unha organización clara e coherente, ben visibilizada nun completo “Índice xeral” (pp. 9-22) que pode funcionar tamén a modo de índice temático. O capítulo primeiro (“Comunicación e linguaxe”, pp. 27-47) distingue entre comunicación animal, humana e virtual, para a seguir se centrar na segunda, onde analiza os elementos do proceso comunicativo (emisor, destinatario, mensaxe, código, canle, *feedback*, contexto), o acto comunicativo (locutivo, ilocutivo, perlocutivo) e a interacción discursiva (con atención ao principio de cortesía, ao principio cooperativo de Grice e as súas máximas conversacionais, e á implicatura e a presuposición), para terminar coa intención comunicativa do emisor transmitida a través das funcións da linguaxe: primarias (representativa, expresiva e apelativa) e secundarias (fática, metalingüística e poética). Como se ve, este capítulo insírese globalmente no ámbito da pragmática, disciplina tamén presente por tanto neste volume.

O capítulo segundo (“Lingua, comunidade lingüística, variación e mudanza”, pp. 49-92) constitúe unha amálgama de nocións que van desde a lingüística teórica (signo lingüístico, lingua e fala etc.) á sociolingüística (lingua oficial ou cooficial, minoritaria ou minorizada etc.), á lingüística diacrónica (mudanza lingüística, variedades históricas do galego etc.) e á dialectoloxía (bloques dialectais), con cruzamentos entre todas elas que en conxunto se poderían englobar so a epígrafe de ‘Lingua e sociedade’. Este capítulo está subdividido en catro partes de desigual extensión, cun peso moito maior da última delas: “Lingua e comunidade lingüística” (pp. 49-55),

“Estatuto das linguas” (pp. 56-58), “Mudanza lingüística” (pp. 58-65) e “Variación lingüística” (pp. 65-92); se na penúltima se inclúen nocións sociolingüísticas como o contacto de linguas e a planificación lingüística, na última aténdese tanto aos desvíos da norma e as interferencias (vulgarismos, pseudogaleguismos, españolismos etc.) como á variación histórica (galego antigo, medio e contemporáneo; palabras patrimoniais, semicultas e cultas), xeográfica (bloque occidental, central e oriental), social (nivel culto e vulgar) e situacional (rexistro formal e informal; linguaxe científico-técnica, xiria e calón); a meu ver, considerar o ‘lusismo’ como desvío, embora sexa endógeno (p. 67), pode ter xustificación teórica, mais se callar non práctica. En suma, mestúranse neste capítulo conceptos e formas que poderían ter encaixe –ou que estamos habituados a ver– noutros lugares, mais que aquí fican agrupados de modo coherente.

O capítulo terceiro (“Fonética e fonoloxía”, pp. 93-137) segue uns moldes máis convencionais e, após unha primeira parte introdutoria de carácter teórico, onde se definen os conceptos básicos (fonética, fonoloxía, fonema, son etc.), analiza pormenorizadamente o sistema vocálico (pp. 100-112) e consonántico (pp. 113-137) do galego, ben como a sílaba e os trazos suprasegmentais, cunha parte final dedicada á transcrición fonética, fonolóxica e do discurso oral. Alén da descrición xeral do sistema, analízanse todos os fenómenos de alteración vocálica (metafonía, prótese, síncope, labialización etc.) e consonántica (seseo, gheada, palatalización, metátese etc.). Con todo, na exemplificación destes fenómenos talvez non se deberían mesturar os casos producidos no paso do latín ao romance con aqueles outros que tiveron lugar unha vez constituído este (véxase, por exemplo, p. 111). Tamén semella desaconsellábel o termo ‘lleísmo’ (p. 121) para nos referirmos á ‘deslateralización’ do fonema lateral palatal, sobre todo cando estoura denominación xa ten certa tradición en galego. Ao mesmo tempo, nunha obra destas características, que presta atención especial á lingua oral, os fenómenos que se producen na cadea falada por fonética sintáctica e que afectan tanto o vocalismo (p. 112) como o consonantismo (p. 123) deberían estar, se callar, algo máis desenvolvidos. É, polo contrario, moito digna de eloxio a proposta de transcrición de textos orais que se recolle nas pp. 136-137.

A respecto do capítulo cuarto (“Representación gráfica da lingua oral”, pp. 139-185), en primeiro lugar sorprende un pouco o propio título, pois na realidade do que trata é das normas da escrita, de ortografía e de tipografía, embora sexa certo que as convencións da escrita non deixan de ser xeralmente un intento de reproducir a oralidade, pois a lingua é inicialmente de natureza oral. O caso é que este capítulo resulta de grande utilidade nunha obra deste tipo ao se converter, a modo de manual de estilo, nun pequeno tratado sobre corrección ortográfica (usos de , <v>, <h> etc., emprego de maiúsculas, regras de acentuación) e uso adecuado dos sinais de

puntuación e outros sinais auxiliares da escrita (apóstrofo, parénteses etc.), ben como dos caracteres tipográficos de destaque (itálica, versaleta etc.) e da configuración gráfica dun texto (marxes, parágrafos etc.), cunha parte final referida ás relacións gráfico-fonéticas entre palabras (homonimia, homografía, homofonía e paronimia) que se costuman tratar dentro da semántica, mais que tamén permiten unha focaxe desde a grafía. En resumo, un capítulo elemental e básico, mais necesario e oportuno nun manual práctico que pretende abranxer todos os ámbitos da lingua.

Aquelas disciplinas lingüísticas que se consideran o núcleo central da gramática, a morfoloxía e a sintaxe, abórdanse nos capítulos quinto e sexto respectivamente, cos problemas que supón o seu estudo por separado, pois ben é sabida a interdependencia mutua; así se pon en relevo nesta obra, onde, por exemplo, ao estudar o pronome persoal (pp. 243-258) inevitabelmente se mesturan aspectos morfolóxicos cos sintácticos; de aí a pertinencia do termo ‘morfosintaxe’. O capítulo quinto (“Morfoloxía”, pp. 187-403) é o máis extenso e trata sobre as unidades morfolóxicas e a súa combinación nas palabras, por unha parte, e sobre as diferentes categorías gramaticais, por outra. Nel estúdase, por tanto, o morfema como unidade mínima significativa e a palabra cos seus constituíntes formais, a distinguir entre flexión, derivación e composición, coas súas correspondentes tipoloxías. Canto ás categorías gramaticais, alén desa dificilmente evitábel separación entre os aspectos morfolóxicos e os sintácticos (grao do adxectivo, colocación dos clíticos, interpolación etc.), que neste caso acha xustificación na razón utilitaria que guía o traballo, pódese dicir que se nos ofrece unha boa síntese das formas, usos e valores de cada unha das clases de palabras, exposta de maneira clara e atractiva mediante o recurso a cadros sinópticos e abundante exemplificación, tipograficamente ben disposta. Acontece isto cos diferentes tipos de pronomes e particularmente co verbo, que é obxecto dun tratamento amplo e en xeral rigoroso; con todo, nalgún punto concreto, como os usos do futuro de subxuntivo (pp. 367-368) ou do infinitivo con e sen flexión (pp. 374-375), cumpriría unha maior precisión nas casuísticas, por veces non suficientemente matizadas, pois estes son aspectos de grande relevancia na gramática galega que presentan dúbidas aos utentes por se estaren a perder na oralidade e que, por tanto, van ser obxecto especial de consulta.

No capítulo sexto (“Sintaxe”, pp. 405-458) abórdase a análise sintáctica da lingua galega nas súas unidades gradativas –frase, cláusula, oración–, de acordo cun modelo que, a partir da proposta de Guillermo Rojo (1978), alcanzou porén xeral aceptación en galego. Seguindo a tónica de toda a obra, procura tratar de forma sintética e clara todos os aspectos relevantes da materia, de modo que resulta practicamente imposible podermonos deter en cada un deles. No entanto, débese resaltar, máis unha vez, o carácter práctico do manual, posto agora en relevo na grande cantidade de exemplos que recolle con análise sintáctica en árbore, feito que sen dúbida será

moito ben recibido polo alumnado da materia e polas persoas interesadas nela, pois non costuma ser habitual en traballos similares. Evidentemente, son moitas as cuestións que poderían ser comentadas, mais só nos pararemos en dúas por seren especialmente relevantes na sintaxe do galego: o uso da preposición *a* co complemento directo, que a meu ver se podería eliminar tamén con antropónimos (*Vin a Xurxo no médico*, p. 423), e o suplemento (p. 424), ao cal só se lle dedican catro liñas, sen mencionar aqueles casos como *Segar na herba* que para Teresa Moure (2010: 79) “constitúen un trazo diferencial co español que debe ser reintroducido nas nosas preferencias estilísticas”; da relevancia deste complemento preposicional –ou cuarto actante– é tamén un boa mostra a recente aparición dun rigoroso traballo monográfico sobre el, da autoría de Xosé Manuel Sánchez Rei (2010), focado neste caso desde o marco teórico da gramática de valencias ou dependencial, que toma o verbo como centro do enunciado. Marco, aliás, que tamén se podería ter tomado en consideración na proposta de análise sintáctica, facendo depender os complementos do verbo e a manter con maior coherencia unha estruturación binarista.

A respecto do capítulo sétimo (“Semántica lexical e lexicografía”, pp. 459-489), tres son as partes que se inclúen nel: léxico, semántica lexical e lexicografía; a segunda é plenamente integrábel dentro da gramática e, por consecuencia, tamén a primeira, pois na realidade a semántica lexical non é máis do que o estudo funcional do léxico; no entanto, a lexicografía non ten fácil encaixe na gramática, embora o poida ter nun manual práctico da lingua por motivos utilitarios. En conxunto trátase dun capítulo heteroxéneo que ofrece información interesante, aínda que algúns conceptos xa foran introducidos no capítulo dous (cultismos, estranxeirismos etc.). Isto acontece porque o léxico permite abordaxes diversas; a neoloxía, por exemplo, está moito vinculada á planificación lingüística de que se tratou nese capítulo anterior. Por outra parte, denominar ‘redución léxica’ os casos de acronimia, sigla ou abreviación non semella convincente, pois realmente o que se produce é un encurtamento do corpo gráfico e/ou fónico das palabras, mais non do léxico ou do significado lexical.

O último capítulo (“Lingüística textual”, pp. 491-543) constitúe talvez o mellor contributo desta obra, pois incorpora o texto como unidade de estudo a un manual destas características, feito até agora nada habitual, mais totalmente necesario para unha visión completa da lingua e do seu funcionamento na sociedade. Hoxe non hai xustificación para reducir a gramática á palabra e á oración, pois o funcionamento e o significado destas dificilmente se poden explicar se non é no marco xeral do texto, verdadeira unidade lingüística. A gramática do texto é, por tanto, parte fundamental da gramática dunha lingua e onde achan explicación as unidades menores que contribúen para a conformación do conxunto textual (véxase Vilela / Koch 2001). Destacado este mérito da obra, é discutíbel o tratamento dalgúns aspectos como a tipoloxía textual e a estrutura textual (cfr. “1.1. Estrutura do texto”,

p. 492, e “4. Estrutura textual”, p. 521), mais constitúe un grande acerto a ampla listaxe dos xéneros textuais, con inclusión dos administrativos e dos electrónicos, de moita utilidade para quen procurar novas saídas profesionais no ámbito da lingua. É igualmente útil e novidosa en obras como esta a inclusión dos paratextos.

En síntese, diremos que estamos perante un manual práctico da lingua galega completo, rigoroso e ben presentado formalmente. O seu manexo resulta áxil e atractivo tanto pola boa disposición tipográfica como pola clareza dos contidos, a abundante exemplificación e a coherencia da organización, embora resulte discutíbel nalgúns casos, como costuma ser habitual en obras similares. A pesar da súa extensión, motivada pola amplitude de temas que abranxe, dáse o paradoxo de ser unha obra sintética e concisa, onde desempeñan un papel importante os numerosos cadros sinópticos e esquemas de que consta. Na realidade, vén a ser como un *vademecum* da lingua galega, no cal o lector ou lectora vai achar un manual de ortografía e normas de estilo, unha síntese gramatical, un pequeno dicionario de termos lingüísticos, parte dun manual de linguaxe administrativa etc. En fin, unha obra de consulta e estudo de grande proveito para quen estiver interesado no coñecemento da lingua, das súas estruturas internas e do seu funcionamento social. Por se tratar precisamente dunha obra de aprendizaxe e consulta, esperamos que certas grallas inevitábeis teñan sido corrixidas na segunda edición –xa no prelo–, a cal tamén se podería aproveitar para aprofundar na autoctonía do léxico e de certas construcións, a ter en conta as propias recomendacións normativas no relativo aos termos técnicos: por que non *alomorfe*, *empréstimo* etc.?; ou *contribuir para*, *aproximar de* etc.?; ou *painel* por *panel* (p. 492), *cabo* por *cabale* (p. 483)? etc. Todo canto supuxer romper a dependencia do español e afortalar a inserción do galego dentro do seu ámbito propio, aínda respectando o marco normativo, será un paso importante na vía da recuperación lingüística. E as obras do teor desta poden desempeñar un papel moito importante na fixación dun modelo de lingua de calidade e con futuro. Con certeza que así será.

Referencias bibliográficas

- Feixó Cid, X. (2004): *Gramática da lingua galega. Síntese práctica* (Vigo: Xerais).
- Hermida Gulías, C. (2004): *Gramática práctica (Morfosintaxe)* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Moure, T. (2010): “Mallando nos Complementos directos: un ormitorrinco na sintaxe do galego”, *Revista Galega de Filoloxía* 11, 79-103.

- Rojo, Guillermo (1978): *Cláusulas y oraciones*. Anexo 14 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade).
- Sánchez Rei, X. M. (2010): *O complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias*. Monografía 6 da RGF (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Vilela, M. / Koch, I. V. (2001): *Gramática da Língua Portuguesa. Gramática da Palavra. Gramática da Frase. Gramática do Texto/Discurso* (Coimbra: Almedina).

Xosé Ramón Freixeiro Mato